

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE O ESTADO DE CONSERVACIÓN DA ESTRADA LU-P-0210

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de VIA Alfoz presenta a seguinte **MOCION** para a súa discusión no **PLENO**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As vías de comunicación representan un papel decisivo para o desenvolvemento económico do noso concello e a súa cohesión, integración e equilibrio territorial e, dentro destas, a estrada provincial LU-P-0210 xoga un papel importante xa que se trata dunha das principais vías de acceso a Alfoz desde o veciño concello de Foz.

Na actualidade a estrada LU-P-0210 presenta un deficiente estado de conservación, particularmente no entre Allegue e San Acisclo, onde se necesitan de forma urxente obras de mellora do firme que eviten o perigo que supón transitar nas actuais condicións. Así mesmo, entre A Seara e San Acisclo, os marxes da estrada están cubertos de entullo, existen fochancas e varios puntos e a pintura das liñas e sinalización vial están deterioradas, o que dificulta igualmente o tránsito por esta estrada.

Desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz consideramos que esta situación se debe poñer en coñecemento da Deputación Provincial de Lugo, coa intención de que se leven a cabo as obras necesarias de mellora e conservación da estrada LU-P-0210.

É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome os seguintes

ACORDOS:

- Solicitar Deputación Provincial de Lugo realización das correspondentes obras de mellora e conservación necesarias na estrada LU-P-0210, particularmente entre os Allegue e San Acisclo.
- Solicitar Deputación Provincial de Lugo a limpeza dos marxes da estrada LU-P-0210, entre A Seara e San Acisclo, así como a reparación de fochancas e o pintado de liñas e sinalización vial da mesma.

En Alfoz, a 21 de marzo de 2023

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Efigenia Maseda Paz', written in a cursive style.

Asdo. Efigenia Maseda Paz
Voceira do Grupo Municipal de VIA Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz